

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****ESTRADA, A****Ordenanzas e Regulamentos****APROBACIÓN DEFINITIVA E TEXTO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA E ESTANCIA EN RESIDENCIAS, ALBERGUES, GARDERÍAS INFANTÍS E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE NATUREZA ANÁLOGA**

Elevado a definitivo o acordo do 11 de maio de 2017, de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola asistencia e estancia en residencias, albergues, garderías infantís e outros establecementos de natureza análoga, ao non terse presentado alegación ningunha no prazo anunciado no B.O.P. nº 100, do 26 do dito mes, faise publico o texto íntegro do anexo modificado, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA E ESTANCIA EN RESIDENCIAS, ALBERGUES, GARDERÍAS INFANTÍS E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE NATUREZA ANÁLOGA**

«ANEXO:

*I. Escola infantil municipal*

1.—As contías dos prezos públicos da escola infantil municipal serán as aprobadas e publicadas no Diario Oficial de Galicia para rexer en cada curso escolar nas escolas infantís 0-3 dependentes da consellería competente en materia de familia e infancia.

2.—Con efectos do curso escolar 2017-2018 aplicarase o seguinte cadro de prezos:

<i>Tramos de renda per cápita (*)</i>	<i>atención educativa</i>	<i>atención educativa con comedor</i>	<i>horario ampliado</i>
inferior ao 30% do IPREM	0,00 €	0,00 €	21,16 €/hora
entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM	0,00 €/mes	17,45 €/mes	
entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM	34,91 €/mes	52,36 €/mes	
entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM	69,81 €/mes	96,26 €/mes	
entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM	112,13 €/mes	149,15 €/mes	
entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM	133,29 €/mes	186,18 €/mes	
entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM	147,05 €/mes	210,52 €/mes	
superiores ao 200% do IPREM	169,26 €/mes	243,31 €/mes	

(\*) Contías en función do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).



Mércores, 9 de agosto de 2017

Núm. 152

### 3. Descontos:

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre as cotas resultantes de aplicar as tarifas establecidas realizaranse os seguintes descontos, que non son acumulables entre si:

- 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa.
- 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.
- Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto do 20 por cento. Enténdese por familia numerosa, aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas. Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude da praza na escola infantil 0-3, que deberán xustificarse documentalmente de non coincidir coas existentes na data de devengo do IRPF correspondente á declaración achegada.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

### 4. Suspensión temporal da cota.

1. Os suxeitos obrigados ao pago non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

- a) O mes de vacacións anual da/o nena/o.
- b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por tempo superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

2. Os suxeitos obrigados ao pago non terán a obriga de aboar a cota do servizo de comedor cando, por causa debidamente xustificada, a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión da cota deste servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o órgano competente, que resolverá sobre a procedencia da exención. No suposto de reincorporación, o pagamento da mensualidade que corresponda realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Se o órgano competente acordase a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.»

A Estrada, 3 de agosto de 2017.—O ALCALDE actal., Asdo.: Juan M. Constenla Carbón

